

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



Aprobado en Claustro e Consello Escolar celebrado o día 28 de xaneiro de 2013

- 1.- Xustificación baseada no contexto.
- 2.-Identificación e valoración das necesidades.
- 3.- Determinación dos obxectivos.
- 4.-Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas.
- 5.-Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para atención á diversidade.
  - 5.1- Medidas ordinarias.
  - 5.2- Medidas extraordinarias.
  - 5.3- Programas xerais.
- 6.-Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.
- 7.-Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.
  - 7.1- Internos
  - 7.2- Centros adscritos
  - 7.3- IES do Concello
  - 7.4- Outros Centros Escolares
- 8.-Canles de colaboración cos pais ,nais e titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
  - 8.1- Coas Familias
  - 8.2- Cos Servizos Sociais
  - 8.3- Cos Equipos de Orientación Específicos
  - 8.4- Outros profesionais.
- 9.-Protocolos para a solicitude e /ou autorización das medidas extraordinarias.
- 10.-Procesos de seguimento,avaliación e mellorado plan.
- 11.- Aprobación do Plan Xeral de Atención á Diversidade

## **1.- Xustificación basada no contexto**

Na LOE recollese que : O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolariza. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables. A atención deste alumnado, considerado con necesidade específica de apoio educativo na Lei orgánica 2/2006, de educación, deberá axustarse, entre outros, aos principios de normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada.

Tamén recolle como principio fundamental do novo modelo educativo a ATENCIÓN Á DIVERSIDADE así como a EQUIDADE NA EDUCACIÓN .

Deste xeito no proxecto do centro , tal como determina o Decreto 229 /2011, do 7 de decembro , **polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos Centros docentes da nosa comunidade Autónoma, debe incluírse este PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE , baseándonos nun modelo de escola integradora, e inclusiva ,** na que se recoñece a heteroxeneidade como un factor positivo e enriquecedor no marco da calidade educativa.

Concíbese a atención educativa á diversidade como o **“conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado...**

Debemos partir, pois do recoñecemento das diferenzas existentes e evitar que estas se convertan en desigualdades e desventaxes do alumnado do noso Centro.

A diversidade fai necesaria unha intervención educativa para ás necesidades reais do noso alumnado. Esta intervención consiste en poder ofrecer a cada alumno a axuda pedagóxica –educativa que necesite, axustándoa á súa individualidade como persoa.

O principio de atención á diversidade plantexámolo dende os seguintes puntos:

- As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe, tendo presente a diversidade como unha característica de todos os alumnos e non só duns poucos.
- Tódolos alumnos/as necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal ou material. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas será o tipo e o grao de axudas precisas.
- As necesidades educativas dos alumnos/as preséntanse sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e o seu entorno físico-social-cultural.

A resposta á diversidade, desde a concepción constructivista da aprendizaxe, supón estruturar situacións de aprendizaxe variadas e flexibles así como unha diversificación de procedementos e estratexias na práctica da nosa acción educativa.

Polo tanto contéplanse tanto as necesidades transitorias, que poderán ser satisfeitas con axudas temporais, coma outras máis permanentes que esixirán adaptacións máis significativas da proposta curricular e precisarán de medios máis específicos. Entre unhas e outras existen outras situacións que requirirán igualmente unha atención individualizadora das necesidades.

### **O presente Plan de Atención á Diversidade ten as seguintes finalidades:**

- Ser un referente para dar resposta educativa ás necesidades que presenta o noso centro coa adopción de criterios comúns e consensuados a nivel de centro.
- Facilitar planificar e organizar a atención das necesidades educativas da diversidade do noso alumnado.
- Concretar os criterios para priorizar a resposta educativa á diversidade.
- Establecer as pautas a seguir no centro para a atención das necesidades educativas.
- Prever unha planificación flexible que permita introducir cambios diante das necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.

## **2.- Identificación e valoración das necesidades**

É fundamental a identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa procedente constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade.

Ao finalizar cada curso avaliarase o proceso educativo de cada alumna e de cada alumno, especialmente os resultados acadados en función dos obxectivos propostos a partir da avaliación inicial realizada.

O Departamento de orientación do centro deberán asesorar a totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas que cómpre adoptar e na súa avaliación.

Partindo das avaliacións iniciais e detectadas as necesidades específicas de apoio educativo do noso alumnado, neste centro se escolariza o alumnado con n.e.a.e. que se inclúe dentro das categorías seguintes:

- Alumnado con dificultades de aprendizaxe na lectura, escritura e cálculo.
- Alumnado con dificultades cognitivas e metacognitivas.
- Alumnado con discapacidade psíquica
- Alumnado con discapacidade motora.

- Alumnado con dificultades por inmadurez afectiva.
- Alumnado con trastornos conductuais (impulsividade, déficit de atención...)
- Alumnado falto de habilidades sociais, habilidades intercomunicativas, organizativas básicas...
- Alumnado procedente do estranxeiro.
- Alumnado con trastorno xeralizado do desenvolvemento .
- Alumnado de etnia xitana e a tamén de familias itinerantes.
- Alumnado con plurideficiencias

### 3.- **Determinación dos obxectivos**

- 3.1- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa axeitada e de calidade que lle permita acadar o seu desenvolvemento persoal e social.
- 3.2- Adaptar de forma especial a resposta educativa ao alumnado con necesidades educativas.
- 3.3- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno/a.
- 3.4- Coordinar o desenvolvemento de actividades encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con Necesidades específicas de apoio educativo
- 3.5- Establecer canles de participación e cooperación entre os distintos profesionais do Equipo educativo que interveñen co alumnado tanto con necesidades educativas, como coas outras necesidades derivadas da diversidade (cultural, étnica, relixiosa, social....)
- 3.6- Organizar e coordinar os recursos persoais e materiais do centro para lograr unha eficacia das accións deseñadas.
- 3.7- Favorecer a participación dos pais e nais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos.
- 3.8- Promover a colaboración e coordinación con profesionais e institucións externas ao centro.
- 3.9- Establecer un punto de encontro e reflexión de todos os profesionais do centro favorecedor da inclusión de todos e todas.
- 3.10- Atopar espazos da convivencia axeitados.
- 3.11- Conseguir que todos o alumnado obteñan o máximo grado de satisfacción persoal de acordo as súas capacidades.

#### **4.-Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas.**

1. A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.

3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.

4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.

5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

6. Basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.

7. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

8. A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.

9. Ademais a organización das medidas que impliquen a intervención do profesorado ESPECIALISTA DE PEDAGOXIA TERAPEUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE rexíranse polos seguintes criterios :

9.1- **A intervención específica dos especialistas de P.T ou A.L** son medidas que contemplan a atención ou intervención temporal ou permanente, e será necesario que así o aconselle o correspondente informe dos servicios de Orientación( D.O ou E.O.E)

9.2-Tendo como referente os principios antes mencionados , a Orientadora e as mestras de P.T e A.L estableceran o horario de atención ao alumnado con N.E.A.E, así como as diferentes modalidades.

### 9.3- **Intervención de A.L**

1. Alumnado con N.E.E graves e permanentes.

2. Alumnado con alteracións graves da linguaxe.

3. Alteracións leves da fala.

4. Excepto no A.C.N.E.E graves e permanentes , priorizarase a E.P sobre E.I , en E.Primaria priorizaremos de 1º a 6º , en E. Infantil priorizaremos de 5 a 3 anos.

5. De non existir grupo de adquisición de linguas, atenderase ó alumnado estranxeiro que o precise.

6. Alteracións da lectoescritura ou retraso na súa adquisición.

7. De ser posible tamén se farían unha **labor preventiva** en E.I co programa de prevención das dificultades da linguaxe na E.I.

### 9.4-**Intervención de P.T**

#### **Alumnado de E.Primaria**

1- Atenderanse aquel alumnado con N.E.A.E que teñan unha A.Cs, dictame de escolarización ou informe da orientadora:

\* En primeiro lugar continuarase coas intervencións anteriores que así o precisen, priorizando de 1º a 6º.

\* As intervencións comezaran polos cursos inferiores 1º, 2º, 3º.

2- Alumnado estranxeiro que precise dun período de adaptación para a adquisición das linguas e un desfase curricular de dous ou máis cursos.

3- Alumnado con dificultades de aprendizaxe que precisen a intervención específica de xeito individualizado nalgunhas áreas, unha vez esgotadas as outras medidas ordinarias, e con informe da orientadora.

\* Priorizarase primeiro as intervencións do alumnado que permaneceu un ano máis no ciclo, atendendo en 1º lugar o 2º ciclo e logo o 3º ciclo.

4- Alumnado que presenta dificultades na adquisición das técnicas instrumentais básicas no 1º ciclo, unha vez pasado o tempo necesario e previo informe da Orientadora.

### **Alumnado de E. Infantil**

En E.I só se farán intervencións de P.T en 5 anos en caso de A.CNEAE graves e permanentes determinado no correspondente informe.

### **9.5- Modalidades**

As intervencións poderán facerse:

- Dentro da aula ordinaria: apoiando ao alumnado con N.e.a.e. nas tarefas da aula.
- Fora da aula ordinaria, realizando intervencións específicas dacordo ao programa de intervención elaborado para cada alumno/a con N.E.E.

### **9.6- Temporalización**

As sesións dependeran do tipo de intervención e estableceranse segundo as necesidades de cada alumno/a ao comezo do curso ou cando xurda a necesidade de cambio.



## **5.-Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para atención á diversidade.**

Enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

**5.1 Medidas ordinarias de atención á diversidade** son todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Medidas ordinarias de atención á diversidade a aplicar cando sexa necesario:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- f) Programas de enriquecemento curricular.
- g) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- h) Programas de recuperación.
- i) Programas específicos personalizados.
- j) Programas de habilidades sociais.

**5.2- Medidas extraordinarias de atención á diversidade** son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio ou intervención educativa que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

As medidas extraordinarias que aplicaremos cando así se considere necesario serán.

- \* Adaptacións curriculares.
- \* Agrupamentos flexibles.
- \* Intervención do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- \* Flexibilización da duración do período de escolarización.
- \* Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- \* Grupos de adquisición das linguas.
- \* Grupos de adaptación da competencia curricular.

### **5.3- Programas Xerais**

Van dirixidas a todo o alumnado do centro. Céntranse no establecemento de programas a introducir no desenvolvemento do currículo:

- Programa de aprender a estudar (técnicas de traballo intelectual).
- Habilidades de expresión e comprensión:
  - Proxecto lector
  - Programa de lectura eficaz
- Programa de Acción Titorial
- Programa de habilidades sociais para mellora da convivencia, a realizar segundo as necesidades.
- Plan de Acollida
- Plan Tics

Estas medidas serán levadas a cabo polos titor@s e profesor@s de área.

## **6.-Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.**

\* A proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe e, de ser o caso, doutros profesionais específicos, será realizada pola xefatura do Departamento de Orientación, de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade e coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.

\* As medidas de carácter ordinario serán realizadas polo profesorado titor/a, profesorado especialista de área e profesorado con dispoñibilidade horaria.

\* Os programas Xerais serán realizados igualmente polo profesorado titor/a , especialistas de área e en casos excepcionais pola orientadora do Centro.

**\* As medidas extraordinarias está rexidas polas súas propia lexislación**

### **AGRUPAMENTOS FLEXIBLES**

(artigo 18 da Orde do 27.12.02)

Medida de carácter temporal e extraordinaria, por precisar autorización da Inspección educativa, coa finalidade de dar resposta ás necesidades de aprendizaxe de carácter esencial nas áreas instrumentais.

- Coincidencia horaria nas titorías afectadas nas materias.
- Conforme á dispoñibilidade horaria do profesorado do centro
- Pequeno grupo. Preferiblemente entre 7 e 12.
- Alumnado que presente necesidade de mellorar aspectos esenciais das áreas instrumentais .

### **GRUPOS DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS**

(artigo 8º da orde 20 de febreiro 2004)

- Medida de carácter temporal e extraordinaria.
- Son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade , o impulso da formación inicial nas linguas vehiculares do ensino.
- Dirixida ó alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia.
- Máximo un trimestre (máis con autorización da inspección educativa)
- Máximo de sesións semanais:
  - Infantil 5 anos: 5 sesións
  - 1º ciclo E.Primaria: 10 sesións
  - 2º e 3º ciclo da E. primaria: 20 sesións
- Titor/a do alumno encargado da coordinación do profesorado que imparta nestes grupos co asesoramento do Departamento de Orientación.

## **GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR**

**( artigo 11 -12- da orde 20 febreiro de 2004)**

- Grupos flexibles que teñen por finalidade o progreso na adquisición da competencia curricular , para que posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que está escolarizado.
- Alumnado cun desfase curricular de dous ou máis anos .
- Horario coincidindo coas áreas instrumentais , pode ser ó longo de todo un curso.
- 2º e 3º ciclo da E. Primaria: 8 sesións á semana
- Titor/a do alumnado destes grupos será o encargado da coordinación co profesorado do grupo de adaptación sobre: Metodoloxía , programación de actividades e criterios de avaliación.

## **ADAPTACIÓNS CURRICULARES**

**( Artigo16º-4 do decreto 130/2007 do 28 de xuño)**

**( Orde 6 de outubro de 1995 .DOG 07/11/95)**

- Medida de carácter extraordinario e significativa dirixida ó alumnado con N.E.E
- Adoptarase unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa menos significativas: permanencia dun ano mais no ciclo e reforzo educativo.
- A realización da A.C corresponde o titor/a e os profesores especialistas responsables das áreas correspondentes co asesoramento da orientadora e dos especialistas de P.T ou A .L que participan na atención a ese alumnado.
- Necesita Avaliación psicopedagóxica.

## **FLEXIBILIZACIÓN DA ESCOLARIZACIÓN**

**( Orde 27 de decembro de 2002-DOG30 XANEIRO 2003)**

- Medida extraordinaria, unha vez realizadas ou aplicadas outras medidas das previstas anteriormente tanto de carácter ordinario como extraordinario, para a atención das N.E.E.
- Consiste na repetición dun ano máis na etapa educativa con respecto ó disposto con carácter xeral tanto na etapa de educación Infantil como na de Primaria.
- Consiste ademais na redución da escolarización obrigatoria para ó alumnado con N.E.E asociadas a condicións persoais de sobredotación,
- Será necesario a conformidade dos pais, e a autorización expresa da Delegación De Educación.

## **7.- Mecanismos de coordinación e colaboración internos e externos.**

### **7.1- Internos :**

A coordinación das medidas dos profesionais internos do centro realizaranse a través de:

- \* Xuntanzas de nivel, establecidas na PXA
- \* Xuntanzas do profesorado que traballa co alumnado ( especialistas de P.T / A.L) co titor/ a , como mínimo unha vez ao mes , e cantas se considere necesario.
- \* Xuntanzas do profesorado do alumnado coa Orientadora, cando se solicite
- \* Xuntanzas semanais do profesorado especialista en P.T e A.L coa Orientadora.

### **7.2- Centros Adscritos**

A coordinación e colaboración cos Centros adscritos realizarase:

- \* Coa unitaria de Carnoedo , semanalmente establecido no horario de cada curso escolar .
- \* Co IES DE SADA “ISAAC DIAZ PARDO” , as reunións serán unha vez ao trimestre, a través das convocatorias realizadas dende o IES. Tamén cando e preciso realizamos xestións a través de chamadas telefónicas.

Ao remate da cada curso escolar realizase coordinadamente o programa de paso á ESO.

### **7.3- I.E.S do concello**

Existe no Concello ademais o IES do Mosteiron ao, que aínda que non estamos adscritos, poden matricularse alumnos deste Centro, polo que ao final de cada curso manteremos un encontro entre orientadoras para pasar os informes do alumnado que así o precise.

Así mesmo informaremos de aqueles datos que nos soliciten, que sirva para unha mellor atención do alumnado.

### **7.4- Outros Centros escolares**

A coordinación realizarase sempre que sexa preciso a petición de calquera dos Centros, xa por recibir alumnado ou por que o noso alumnado pase para outro Centro.

## **8.-Canles de colaboracióncos país,nais,titoras e titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao Centro**

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado e dos resultados desa identificación e valoración, así como, de ser o caso, da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas.

### **8.1- Participación e colaboración das familias.**

\* As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán compartir o esforzo educativo, participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos do alumnado.

\* O Centros educativo promoverá a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado en todas aquelas medidas destinadas ao desenvolvemento integral do alumnado, particularmente nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia..

\* As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán colaborar no proceso de avaliación inicial do alumnado así como no das posibles avaliacións psicopedagóxicas.

\* O Centro docente poderá promover a posta en marcha de programas e/ou medidas que correspondan para que as nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado reciban información e asesoramento que os axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros.

\* Os servizos de Orientación deberán asesorar a totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas que cómpre adoptar e na súa avaliación.

\* A coordinación destas actuacións realizarase a través de:

- Xuntanzas conxuntas titorías- nais/pais/ titores legais
- Xuntanzas ou entrevistas individuais entre profesorado titor/pais-nais-titores legais.
- Xuntanzas e entrevistas individuais entre titores – orientadora- nais/pais/titores legais.

- Xuntanzas ou entrevistas entre profesorado especialista de P.T/A.L – con pais/nais.....
- Xuntanzas ou entrevistas do profesorado especialista nas diversas materias e os pais.....

## **8.2- Colaboración e coordinación cos Servizos Sociais do Concello:**

Existira unha comunicación fluída con estes servizos , de ser posible realizarase xuntanzas periódicas para tratar os diversos temas.

## **8.3- Cos Equipos de Orientación Específicos.**

- Realizaranse as solicitudes de intervención necesarias, polas canles legalmente establecidas.

As solicitudes poderán ser:

- De orientacións ao profesorado
- Axuda na avaliación psicopedagoxica.
- Solicitud de material específico.....

- Tamén manteremos ou solicitaremos informacións ou axuda puntuais a través de chamadas telefónicas .

## **8.4- Colaboración con profesionais médicos e outros profesionais**

\* Cando o noso alumnado este tratado a nivel médico por diferentes especialistas , procuraremos manter un intercambio de información bidireccional para a identificación das posibles N.E.E .

\* Cando o noso alumnado reciba tratamento rehabilitador de calquera tipo(A.L/ psicomotor/ Psiquiátrico.....) consideramos necesario que exista unha coordinación entre estes servizos e o profesorado que traballa no Centro escolar.

# **9.-Protocolos de actuación para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias..**

## **9.1- Ditame de escolarización**

O ditame de escolarización para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo realizarase, no caso de que se consideren necesarios recursos extraordinarios de atención educativa, ou ben unha modalidade de escolarización distinta da ordinaria, nas seguintes situacións:

- a) Alumnado de nova incorporación ao sistema educativo.
- b) Alumnado que comeza un novo tipo de ensinanzas.
- c) Alumnado para quen se propón un cambio na súa modalidade de escolarización.
- d) Outras situacións de carácter excepcional que a Administración educativa considere.

O ditame de escolarización consiste nun informe persoal do alumnado elaborado pola Xefatura do Departamento de orientación que poderá solicitar a colaboración dos E.O.E

No documento incluíranse :

- \* As conclusións da avaliación psicopedagóxica;
- \* As orientacións sobre a proposta curricular adecuada;
- \* A proposta de escolarización.
- \* A opinión das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado respecto desa proposta.

## **9.2- Adaptacións curriculares**

Cando un alumno/a necesite dunha A.C seguirase o seguinte protocolo:

- 1- Convocatoria por parte da xefatura de estudos dunha xuntanza do grupo de profesores do alumno/a para determinar si é necesaria a elaboración dunha A.C , previa avaliación Psicopedagoxica.
- 2- Información aos pais ou titores legais.
- 3- Elaboración da A.C , a ser posible dentro do 1º trimestre do curso.
- 4- Enviala á Inspección para a súa autorización.
- 5- Avaliar ao alumnado tendo como referencia a súa A.C.

## **9.3- Flexibilización da duración do período de escolarización**

Cando se considere beneficioso para o alumnado con N.E.E , permanecer un ano máis na etapa de E.Infantil, seguiremos o seguinte protocolo:

- 1- Xuntanza do profesorado para decidir esta medida.
- 2- Información aos pais ou titores legais.



3- Realización dun informe onde se recolla :

\* As conclusións da avaliación psicopedagóxica.

\* As orientacións sobre a proposta curricular adecuada e, de ser o caso, sobre os recursos persoais e materiais necesarios.

\* Será necesario a conformidade dos pais, e a autorización expresa da Delegación De Educación.

#### **9.4- Agrupamentos flexibles**

Realizaranse sempre que o permita a dispoñibilidade horaria do profesorado.

1- Xuntanza do profesorado do ciclo ou nivel, para determinar a necesidade, co asesoramento da Xefa do Departamento de Orientación.

2- Informar a Xefatura de estudos da necesidade da organización.

3- Solicitud á Inspección para a súa autorización.

#### **9.5- Grupo de adquisición de linguas**

- Realizaranse cando exista un mínimo de alumnado, e se conte con dispoñibilidade horaria do profesorado.
- O alumnado realizará previamente unha Avaliación da súa competencia lingüística , onde se determine a necesidade da súa incorporación ao grupo.

#### **9.6- Grupo de adaptación da competencia curricular**

- Realizaranse cando exista un mínimo de alumnado, e se conte con dispoñibilidade horaria do profesorado.
- O alumnado realizará previamente unha Avaliación da súa competencia curricular, onde se determine a necesidade da súa incorporación ao grupo.

#### **9.7- Intervención do profesorado especialista de Pedagogía terapéutica e Audición e linguaxe**

- Será preciso ter un informe da Xefatura do Departamento de Orientación ou dos E.O.E onde se recolla esta medida como necesaria para o alumnado.

- Os criterios de intervención están recollidos no punto de intervención 4. do presente Plan.

- A organización das intervencións será autorizada pola Xefatura de Estudos.

**9.8- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo**

- Informarase aos pais desa posibilidade para que realicen a petición seguindo o protocolo establecido.

## **10.-Procesos de seguimento,avaliación e mellora do Plan.**

- Cada curso elaborarse o Plan Anual de Atención á diversidade que terá como referencia este documento e dentro do Plan Anual de Orientación.

- Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarse á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.

O seguimento e a avaliación dos diferentes proxectos, plans e/ou programas constituirán os procesos básicos no axuste e na mellora da atención á diversidade, polo que todos eles deberán establecer o procedemento, a temporalización, os indicadores e as persoas responsables deses procesos.

O obxectivo desta avaliación será a de analizar ao final de cada curso a súa adecuación á realidade do centro e deseñar as modificacións necesarias.

### **10.1 O proceso a seguir será:**

- Análise e avaliación nas Xuntanzas de ciclo e dos Equipos docentes.
- Análise e avaliación no Departamento de Orientación tendo en conta os seguintes datos:
  - Valoración dos Equipos Docentes e de Ciclo.
  - Datos aportados polo profesorado especialista de P.T e A.L
  - Datos aportados pola orientadora.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro de Profesores.
- Inclusión das valoracións na Memoria Anual

- No momento de redactar a PXA, no primeiro mes de cada curso, redactarase a súa concreción anual tendo como base as conclusións do curso anterior e ás realidades nese momento.

## **10.2 Avaliaremos os seguintes apartados: ANEXO 1**

**1. A Valoración respecto as medidas de atención a diversidade adoptadas :**

**2. A validez das estratexias metodolóxicas empregadas, organización das medidas de atención á diversidade o aproveitamento dos recursos da aula e do centro, así coma dos procedementos e o desenvolvemento da programación , considérase**

**3. Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos niveis dun ciclo, entre ciclos e etapas.**

.....

## **10.3 Avaliacións dos programas específicos.**

As persoas ou os equipos responsables da elaboración dos diferentes proxectos, plans e/ou programas, tendo en conta os indicadores de seguimento e avaliación que neles figuren, deberán deseñar os instrumentos adecuados para a recollida de información dos distintos sectores da comunidade educativa.

## **10.4.- Suxestións , propostas de mellora**

Unha vez feita a avaliación os ciclos elaboraran as propostas de mellora , que se incorporaran a memoria final e serviran de base para a elaboración do P.A.D do próximo curso escolar.

## **11.- Aprobación do Plan Xeral de Atención á Diversidade**

Aprobase este plan con data 28 de xaneiro de 2013 en Claustro e Consello Escolar

Vº e prace do Director

A Orientadora

## ANEXO 1

### AVALIACIÓN DO P.X.A.D

#### Avaliaremos os seguintes apartados:

#### 1. A Valoración respecto as medidas de atención a diversidade adoptadas :

- Foron adecuadas para recuperar as dificultades que se presentaban.
- Non tiveron eficacia algunha; foron unha tarefa rutinaria máis.
- Non aportaron nada positivo; entorpecendo, ademais, o desenvolvemento curricular da aula ordinaria.
- Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo ordinario.
- Foron útiles , pero .....
- .....

#### 2. A validez das estratexias metodolóxicas empregadas, organización das medidas de atención á diversidade o aproveitamento dos recursos da aula e do centro, así coma dos procedementos e o desenvolvemento da programación , considérase

- Axeitada
- Non axeitada
- Axeitada en algúns aspectos, pero .....
- .....

#### 3. Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos niveis dun ciclo, entre ciclos e etapas.

##### (1º ciclo)

- A coordinación entre os distintos niveis do ciclo
- realizouse adecuadamente a través das reunións do Equipo Docente de ciclo establecidas,.....
- realizouse pero con menor frecuencia da requerida.....
- .....
- non se realizou .....
  
- A coordinación co equipo do 2º ciclo de Ed. Infantil e do 2º ciclo de Ed. Primaria
- realizouse adecuadamente en reunión establecida .....
- .....
- realizouse a través do D.O.
- realizouse observando a información aportada nos informes de fin da etapa anterior.
- non se realizou unha coordinación axeitada.
- .....

##### (2º ciclo)

- A coordinación entre os distintos niveis do ciclo
- realizouse adecuadamente a través das reunións do Equipo Docente

de ciclo establecidas,.....

- realizouse pero con menor frecuencia da requerida.....
- .....
- non se realizou .....

A coordinación co equipo do 1º ciclo e do 3º ciclo de Ed. Primaria

- realizouse adecuadamente en reunión establecida .....
- .....

- realizouse a través do D.O.
- realizouse observando a información aportada nos informes de fin do ciclo anterior.
- non se realizou unha coordinación axeitada.

.....

**(3º ciclo)**

A coordinación entre os distintos niveis do ciclo

- realizouse adecuadamente a través das reunións do Equipo Docente de ciclo establecidas,.....

- realizouse pero con menor frecuencia da requerida.....
- .....
- non se realizou .....

A coordinación co equipo do 2º ciclo de Ed. Primaria e do 1º ciclo da ESO

- realizouse adecuadamente en reunión establecida .....
- .....

- realizouse a través do D.O.
- realizouse observando a información aportada nos informes de fin do ciclo anterior.
- non se realizou unha coordinación axeitada.